

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONSELLO OFICIAL DE COLEXIOS DE MÉDICOS DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL AO MÉDICO ENFERMO “PAIME”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

- Que o Servizo Galego de Saúde formaliza coa entidade PAIME o instrumento convencional arriba referido por un período que entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto: o desenvolvemento do Programa de Atención Integral ao Médico Enfermo “PAIME” por parte do Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia, coa colaboración do Servizo Galego de Saúde. O contido do Programa consiste en ofrecer a tódolos médicos, sen excepción, que exercen a súa profesión no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as prestacións necesarias que permitan solucionar as problemáticas derivadas das psicopatoloxías que distorsionan a realidade e de adicción ao alcohol e outras drogodependencias concretas.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que, segundo estudos epidemiolóxicos internacionais, se estima que un certo número de médicos poden sufrir, ao longo da súa vida profesional, trastornos de conduta que os poden incapacitar, como mínimo temporalmente, para o correcto exercicio da súa práctica profesional.

2. Que as partes consideran, atendendo ás características propias do exercicio da profesión médica e ás circunstancias manifestadas nos expoñendos primeiro e segundo, que estes médicos enfermos requiren unha atención médica específica, especializada e baixo condicións de confidencialidade, xa que iso permitirá a detección precoz dos casos e a instauración dos tratamentos farmacolóxicos, psicoterapéuticos e rehabilitadores pertinentes, co fin de garantir o

axeitado exercicio profesional conforme aos criterios da lex artis.

3. Que as institucións asinantes deste convenio valoran moi positivamente o modelo seguido polo Programa de Atención Integral ao Médico Enfermo (en diante, PAIME) iniciado polo Colexio Oficial de Médicos de Barcelona e actualmente de aplicación na Comunidade Autónoma de Cataluña e noutros territorios de España, tanto no referente aos procedementos colexiais desenvolvidos como nos servizos clínicos de internamento que presta.

4. Que os Colexios Oficiais de Médicos son os entes corporativos de carácter público indicados para asumir a abordaxe desta cuestión, de acordo co disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 19 do Código de Ética e Deontoloxía da OMC e con independencia das competencias e responsabilidades que poidan corresponder a outras institucións.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en tanto que normativa vixente ao tempo da sinatura), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

